

## ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E AGADIC A TRAVÉS DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO PARA A CESIÓN DE ESPAZOS DE PROGRAMACIÓN ESCÉNICA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), **DECLARA:**

Que a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de doce meses dende a sinatura do convenio.

#### **Que o instrumento convencional ten por obxecto:**

O obxecto desta addenda é a modificación de determinadas cláusulas do convenio asinado o 30 de novembro de 2022 entre a Universidade de Santiago de Compostela e Agadic para a cesión de espazos de programación escénica, para incluír un novo proxecto escénico a realizar no Salón Teatro.

#### **Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:**

1 – Que, con data 30 de novembro de 2022, Agadic e a USC asinaron un Convenio de colaboración para a cesión de espazos de programación escénica, no cal se prevía a utilización de determinados espazos de titularidade e xestión de cada unha das partes pola outra.

2 – As partes desexan incluír no obxecto do convenio un novo proxecto escénico a realizar no Salón Teatro, como un dos espazos obxecto da cesión, e modificar os termos relativos á cláusula de transparencia e bo goberno, co fin de cumprir coas obrigas legais nesta materia, polo que subscriben a presente Addenda co fin modificar o Convenio asinado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificando o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

Jacobo Sutil Nesta  
Director da Agadic

